



ANUNCIO

O Concello de Muros anuncia a convocatoria para contratar servizos para A ORGANIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DO MERCADO MARIÑEIRO TRADICIONAL MUROS MIRA AO MAR 2019, mediante contrato menor:

CONDICIÓNS:

O Mercado Mariñeiro Tradicional Muros Mira ao Mar 2019, celebrarase os días 5, 6 e 7 de xullo. A empresa contratada terá que promocionar o Mercado, realizar a inscrición e selección de postos variados de venda e exhibición de produtos típicos dun mercado mariñeiro tradicional, buscando a estética e decoración acorde coa celebración, (un mercado do século XIX de ambiente mariñeiro), encargarse da dinamización e animación do mercado durante os tres días (espectáculos, obradoiros, pasacalles...), con un custe para o concello de ate 5000 euros, impostos incluídos.

Nas postostas valorarase:

- A oferta de actividades lúdicas, atractivas para o público, durante a celebración das Xornadas de cultura mariñeira Muros Mira ao Mar
- O número e tipo de postos de venda e exhibición do Mercado, así como a tarifa que a empresa lle aplicará aos diferentes participantes.
- A ambientación e caracterización dos postos e persoas ao fronte dos mesmos
- O compromiso de cumprir co programa proposto pola Comisión organizadora das Xornadas de cultura mariñeira Muros Mira ao Mar, así como presentar a relación de postos previamente, que han de obter o visto e prace da Comisión e atender toda indicación dada por esta Comisión.
- A promoción do Mercado, previa a súa celebración
- O control da ambientación e caracterización das postostas expositivas e organización e supervisión da montaxe/ desmontaxe do Mercado mariñeiro tradicional Muros Mira ao Mar 2019

As empresas interesadas en participar no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia dirixida á Alcaldesa do Concello de Muros, xunto coa memoria técnica e económica e unha declaración responsable indicando que non está incurso en causas ou prohibicións para contratar e estar ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social, o que deberá acreditar previa adxudicación. Ademais poderán presentar un Proxecto complementario se o considera oportuno

PRAZO: As instancias presentaranse no Rexistro de entrada do concello **ata o día 22 de abril, ás 14:00 h.**